

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 22 DE XULLO DE 2008.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugar dos, ás dez horas e trinta e cinco minutos do día vinte e dous de xullo do ano dous mil oito, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Xosé Xoán Roca Lorenzo e Dna. M^a Anxos Díaz Prados. Non asiste, con escusa, Dna. Carolina Cruz Fernández. Asiste tamén a interventora, Dna. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 11.07.2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 11.07.2008.

2.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO LOCAL SOCIAL EN R/CASTELAO, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS MUNICIPAIS 2008.

Tendo en conta que durante o prazo de 10 días hábiles tras a publicación no BOP núm. 144, de 24.06.08, da adxudicación provisional das obras epigrafiadas non se ten interposto o recurso especial en materia de contratación establecido no artigo 37 da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, tal como consta acreditado no expediente.

Transcorrido o prazo legal de quince días hábiles tras dita publicación da adxudicación provisional e unha vez constituída polo adxudicatario provisional, D. TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L. a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, isto é, 3.473,20 euros, e presentada a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a obra “ACONDICIONAMENTO LOCAL SOCIAL EN R/CASTELAO”, incluída no plan de obras municipais 2008, a D. TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L., no prezo desglosado que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 69.464,09 €

B) I.V.E. 11.114,25 €

C) Total (A + B): **80.578,34 €**

e de acordo coas seguintes anualidades:

Anualidade 2008: 50.000 €

Anualidade 2009: 30.578,34 €

2º.- Aprobar o gasto correspondente á anualidade 2008 con cargo á partida 2008.0.313.0.62200, quedando condicionada a anualidade do 2009 ao crédito que para dito exercicio se consigne no orzamento.

3º.- Nomear directora técnica da obra, a Dna. Olga Fra Gálvez, redactora da memoria valorada, e coordinador de seguridade e saúde durante a execución das obras ao/á arquitecto/a técnico/a, que se designe pola Alcaldía.

4º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

5º.- Que se requira ao adxudicatario para a formalización do contrato administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Así mesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores.

3.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE “SANEAMENTO NA ESTACIÓN DE FRANZA” INCLUIDA NO POS 2008.

Vista a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. BEGASUCEGSA., a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente a obra “SANEAMENTO NA ESTACIÓN DE FRANZA”, incluída no POS 2008, a D. BEGASUCEGSA, no prezo desglosado que figura a continuación:

- A) Prezo sen I.V.E.: 116.447,05 €
- B) I.V.E.: 18.631,53 €
- C) Total (A + B): 135.078,58 €

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2008.0.441.0.63702.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Requirit ao adxudicatario provisional para que no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo no B.O.P. constituía a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, isto é, 5.822,35 euros, e presente - no caso de non telo feito no momento de presentar a súa proposición - a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario provisional e ao resto dos licitadores.

4.- BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E ELABORACIÓN DAS LISTAS PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO NO CONCELLO DE MUGARDOS: CORRECCIÓN ERRO MATERIAL.

Tendo en conta o informe-proposta do Concelleiro de área, de data 09.07.2008, obrante no expediente, relativo ao erro material padecido na acta e ditame da comisión informativa de Obras, Servizos, Persoal, Medio Ambiente e Parques, de data 19.06.2008, que deu lugar ao acordo, tamén erróneo, adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 03.07.08, no punto 8 da orde do día, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

1º.- Rectificar o erro padecido punto 8 da orde do día da Xunta de Goberno Local de 03.07.2008 epigrafiado **BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E ELABORACIÓN DAS LISTAS PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO NO CONCELLO DE MUGARDOS**, tal e como figura deseguido:

ONDE DI:

Base 3ª.- Solicitudes, apertura da convocatoria e prazos.

3.3 *Pagamento das taxas...*

Grupo C2: 9 euros.

Grupo C1: 6 euros.

DEBE DICIR:

Base 3ª.- Solicitudes, apertura da convocatoria e prazos.

3.3 *Pagamento das taxas...*

Grupo C2: 9 euros.

Grupo E/AP: 6 euros.

Quedando, en consecuencia, redactado o acordo do seguinte xeito:

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E ELABORACIÓN DAS LISTAS PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO NO CONCELLO DE MUGARDOS.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación ás “Bases que rexerán a convocatoria e elaboración das listas para a provisión temporal de postos de traballo no Concello de Mugardos”, coas seguintes enmendas ao texto obrante no expediente:

Base 3ª.- Solicitudes, apertura da convocatoria e prazos.

3.3 *Pagamento das taxas...*

Grupo C2: 9 euros.

Grupo E/AP: 6 euros.

Base 6ª.- Comisión de selección.- Onde di: *a designar pola Alcaldía*, engadir “**a proposta da Comisión de Persoal**”

Base 7ª.- Elaboración das listas.- ... As listas terán unha vixencia de **dous anos**.

Base 8ª.- Baremación de méritos:

A.1 ... **0,15 puntos/mes completo.**

A.2 ... **0,10 puntos/mes completo.**

A.3 ... *A suma da puntuación destes tres apartados non poderá exceder de 2,5*

puntos

2º.- Efectuar a convocatoria para elaboración das listas para a provisión temporal de postos de traballo correspondentes ás categorías seguintes:

1) OFICIAL DE SERVICIOS VARIOS (GRUPO C2)

- 2) PEÓN DE SERVICIOS VARIOS E LIMPADOR/A EDIFICIOS MUNICIPAIS (GRUPO E/AP)
- 3) CONSERXE DE EDIFICIOS MUNICIPAIS (GRUPO E/AP)

5.- BASES CONVOCATORIA ESPECIFICA 4/2008: ARQUITECTO/A (PERSONAL LABORAL FIXO A TEMPO PARCIAL. CONCURSO OPOSICIÓN. QUENDA LIBRE).

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación ás “Bases convocatoria específica 4/2008: Arquitecto/a. (Persoal laboral fixo a tempo parcial. Concurso-oposición quenda libre)”, coas seguintes emendas ao texto obrante no expediente:

“Fase de concurso: Avaliarase:

1) Por servizos prestados no Concello de Mugardos, en posto de arquitecto/a: 0,13 puntos por cada mes completo de servizos prestados.

2) Por servizos prestados noutros Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, en posta de arquitecto/a: 0,10 puntos por cada mes completo de servizos prestados.

3) Por servizos prestados en calquera outra Administración Pública, en posto de arquitecto/a: 0,06 puntos por cada mes completo de servizos prestados.

4) Por servizos prestados como arquitecto/a superior na empresa privada: 0,05 puntos por cada mes completo de servizos prestados.”

2º.- Desestimar a proposta da comisión relativa a que os/as funcionarios/as que formen parte do tribunal será do grupo “A” e categoría específica, por estar xa contemplado a esixencia de titulación e especialidade nas bases xerais.

6.- ESTUDO DE DETALLE PARA A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO NA RÚA CORUÑA PROMOVIDO POR GEOPROMOCIONES GALICIA S.L.: APROBACIÓN INICIAL.

Tendo en conta os informes emitidos pola arquitecta asesora municipal en data 06.05.2008 e polo secretario da corporación en data 07.05.2008 e o ditame favorable da comisión informativa de Urbanismo e Industria, a Xunta de Goberno Local, por 3 votos a favor e 1 abstención da sra. Díaz Prados, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o estudo de detalle para a construción dun edificio na rúa Coruña, promovido por Geopromociones Galicia S.L., redactado polo arquitecto D. Miguel Ángel Crespo García, con data decembro de 2007, coa seguinte consideración:

- *A sección do plano ED-3 non aparece ben definida, pero debido á escala e á non existencia de planos de arquitectura, remítese ao proxecto de edificación a definición concreta do parámetros de alturas, voos, baixo cuberta, etc., non sendo vinculante a presente sección para o informe do proxecto.*

2º.- Someter o expediente a exposición pública polo prazo de vinte (20) días a través da correspondente publicación no D.O.G., e nun dos xornais de maior tirada na Provincia, para os efectos de que polos interesados se poidan formular as reclamacións ou alegacións que consideren oportunas.

3º.- Acordar a suspensión de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para a área determinada no devandito Estudio de Detalle, debendo publicarse o presente acordo de suspensión no DOG e nun dos xornais de maior difusión da provincia, tal como establece o artigo 77 da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

Deliberación:

A sra. Díaz Prados di que quede sobre a mesa outra vez, ata que chegue o que se pediu.

O sr. Alcalde di que non vai a quedar mais, esta dentro dos criterios aprobados e informado favorablemente.

7.- APROBACIÓN DO GASTO.

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2008, coa aplicación orzamentaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

Rex.	Fact.	Partida	Provedor e Concepto	Importe
1224	111	2008.0.313.0.22611	AVALIA GRUPO COORDINACIÓN	3.700€
1247	300508	2008.0.432.0.22100	UNIÓN FENOSA DISTRIBUCCÓN S.A. ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PÚBLICO, 01.05/29.05.08	4.034,78€
1270	2	2008.0.432.0.21001	FRANCISCO MONTERO VILA CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE PARQUES, XARDINS E ZONAS VERDES	5.846,40€
1272	0	2008.0.121.0.22603	ANTONIO ULLOA ALLONES PROPOSTA HONORARIOS, RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO PO. Nº4337/2003 A INSTANCIA DE PLATAFORMA DE VECIÑOS CRUCEIRO DE MEHA E OUTROS	4.872€
1305	1/2008	2008.0.322.0.22724	Mª LUISA MOREIRA GARCIA DONCENCIA CURSO FIP, AXENTE DESENVOLVEMENTO TURISTICO, XUÑO	5.980€
1350	201760751	2008.0.441.0.22101	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. SUBMINISTRO DE 58,255 M3 DE AGUA DENDE FERROL, MES XUÑO	6.682,09€
1351	201760722	2008.0.441.0.22101	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. SUBMINISTRO DE 61053 M3 DE AUGA DENDE FERROL, MES MAIO	7.003,02€

8.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo

nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- D. JOSÉ FREIJOMIL PAZOS (EXPTE. 113/2008) segundo solicitude de data 16 de maio de 2008, para cambio de cuberta, en R/ Barcias nº 11, referencia catastral: 3522007NJ6132S.

O cambio será nunha superficie de 70 m², substituíndo a existente de fibrocemento, por fibrocemento e tella do país.

Non suporá incremento de volume nin obras de formigón armado.

O edificio atópase fóra de ordenación, a licenza se outorga en base ao artigo 49.1 do P.X.O.M., por ser obras de reforma menor.

Orzamento: 1.800,00 €.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

- D. FRANCISCO GONZÁLEZ PAZOS (EXPTE. 125/2008) segundo solicitude de data 11 de xuño de 2008, para cambio de plaqueta na terraza da vivenda, en A Pedreira nº 33, referencia catastral: 1620009NJ6112S.

O cambio será nunha superficie de 20 m².

Orzamento: 500,00 €.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. JULIO SÁNCHEZ AGRELO en representación de R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. (EXPTE. 133/2008) segundo solicitude de data 25 de xuño de 2008, para colocación de dúas cabinas nodo, en R/ Rosalía de Castro e Avda. de Galicia esq. R/ Cotellón.

É obrigatorio o uso de materiais que entoen co contorno.

Orzamento: 1.660,60 €.

Prazo de inicio: 1 mes.

Prazo de execución: 15 días.

- D. JUAN RAMÓN ESPÍÑEIRA CASAL (EXPTE. 138/2008) segundo solicitude de data 27 de xuño de 2008, para o cambio de desaugues en cociña e baño, Rilo nº 23, referencia catastral: 1813006NJ6111S.

Autorízase tamén o pintado interior.

A parcela onde está situada a vivenda está cualificada como Solo de Núcleo Rural (SNR).

Orzamento: 6.000,00 €.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. ANTONIO BLANCO PRADO (EXPTE. 140/2008) segundo solicitude de data 1 de xullo de 2008, para cambio de carpintería exterior, en R/ Celso Emilio Ferreiro nº 48, referencia catastral: 4318009NJ6141N.

O cambio da carpintería será por outra nova de aluminio lacado.

A parcela onde está situada a vivenda está cualificada como Solo Urbano de Baixa Densidade (SU-BD).

Orzamento: 8.600,00 €.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

B) PECHES

- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ GARCÍA (EXPTE. 45/2008) segundo solicitude de data 7 de marzo de 2008, para construción de parte dun peche perimetral, en As Lagoas, referencias catastrais: 0419028-32NJ6101N, Polígono 22, Parcelas 122 e Polígono 23, Parcela 122.

As parcelas están cualificadas polo P.X.O.M. como Solo Urbano de Baixa Densidade (SU-BD) e Solo Rústico Común (SRC).

Autorízase un encanamento con recheo para acceso ás fincas.

As características do peche axustaranse ás reguladas no art. 309 do PXOM e ao art. 42.1.c) da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

En ámbolos dous tipo de solo, o muro terá unha altura máxima de 1,50 m., con cementación de formigón armado e peche de postes e tea metálica. Se se colocan portas e portóns de entrada, estes terán tamén unha altura máxima de 1,50 m., sendo opacos como máximo 1 m.

O peche dá fonte á vía pública en 17,50 m. de lonxitude. Ditará 5,00 m. do eixo da vía, debendo solicitar a aliñación definitiva ao Concello antes da súa execución.

Orzamento: 4.313,16 €.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. MANUEL ROMERO FEAL (EXPTE. 49/2008) segundo solicitude de data 12 de marzo de 2008, para peche, en Morteirado nº 32, referencia catastral: 3307706NJ6130N.

O peche será de 63 metros de lonxitude, de reixa e unha altura total de 2 metros entre propiedades.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1 metro de altura e de reixa ata acadar os 2,00 metros de altura. (Segundo o acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10.10.2007).

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de arames, nin os remates agudos.

Ditará do eixo da vía 4 metros, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Orzamento: 700,00 €.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. ANTONIO FILGUEIRAS ESPÍNEIRA (EXPTE. 121/2008) segundo solicitude de data 29 de maio de 2008, para colocación de tres columnas, en O Penedo nº 34, referencia catastral: 1722004NJ6112S.

As columnas serán de 0,30 x 0,30 x 2 metros de altura para suxeición de 2 portais.

Os portais serán de ancho 4 metros e 1,20 metros de lonxitude, respecto á altura serán en total de 1,50 m., non sendo opaco en máis de 1 m. de altura.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de arames, nin os remates agudos.

Situarase a 7 metros do eixo da estrada CP-3504.

Deberá solicitar aliñación ao Concello previo ao inicio das obras.

Orzamento: 455,00 €.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. BENITO REBOREDO GUTIÁN (EXPTE. 135/2008) segundo solicitude de data 26 de xuño de 2008, para construción de peche de finca a vía pública e a lindeiro, en A Gallada nº 13, referencia catastral: 4207006NJ6140N.

Autorízase tamén o pavimento con soleira de formigón armado en 50 m² de terreo na parte posterior da vivenda.

A parcela está cualificada como Solo Urbano de Núcleo Rural.

O peche que dá fronte á vía pública terá aproximadamente 21 m. de lonxitude, cun portal de entrada de 5,25 m. A altura máxima debe ser 1,50 m., macizo como máximo 1 m. Se se colocan portas e portóns de entrada, estes terán tamén unha altura máxima de 1,50 m., sendo opacos como máximo 1 m.

O peche do linde Norte terá unha altura máxima de 2 m., macizo como máximo 1 m.

Os peches deberán ser de enreixado plástico con postes metálicos.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de arames, nin os remates agudos.

O peche situarase a 7 metros do eixo da vía pública, debendo solicitar ao Concello antes da súa execución.

Orzamento: 4.150,00 €.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

C) OBRAS MAIORES

- D. JOSÉ GARCÍA PAZOS en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. (EXPTE. 23/2007) segundo solicitude de data 19 de febreiro de 2007, para instalación de BT, na rúa dos Corzás, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro industrial D. Rubén Menéndez Fernández, visado polo C.O.I.I.G. en data 07.08.2007.

A liña eléctrica que se instala discorre soterrada pola rúa dos Corzás, afectando a un

treito de aproximadamente 10 m.

Orzamento: 653,11 €.

- D. JOSÉ JUAN RODRÍGUEZ ALLEGUE (EXPTE. 178/2007) segundo solicitude de data 28 de agosto de 2007, para reparación de cuberta da vivenda unifamiliar illada, sita en Avda. do Seixo nº 190, referencia catastral: 3224005NJ6132S, segundo proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos D. Nicolás Castelo Pérez, D. Luis Felipe Cabezas Torrelo e Dna. Mary Paz González de Lema Fernández, visado polo C.O.A.G. en data 27.08.2007.

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-CA, Solo Urbano de Casco Antigo.

A finalidade da licenza é a reparación de cuberta e pintado dunha vivenda unifamiliar para destinala a vivenda.

A urbanización xa está executada pois non hai modificación de aliñacións.

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMATIVA
a) Parcela mínima	existente	existente
b) Aliñacións	cumpre	existente
c) Altura	5,43 m.	10 m. (B+2)
d) Pte. cuberta	21 °	30 °
e) Altura cumio	1,74 m.	3,60 m.
f) Ocupación máxima	non se modifica	existente

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 25.576,43 €.

Os arquitectos directores da obra son os mesmos que os redactores do proxecto D. Nicolás Castelo Pérez, D. Luis Felipe Cabezas Torrelo e Dna. Mary Paz González de Lema Fernández, e o arquitecto técnico director das obras é D. Javier Castro Rodríguez.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

Deberán de observarse todas as condicións establecidas na autorización da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, (expte.: A-186/2007-B), de data 18 de xuño de 2008.

- D. JOSÉ MANUEL MIÑONES AMADO en representación de ELECTRIFICACIONES MIÑONES S.L. (EXPTE. 224/2007) segundo solicitude de data 6 de novembro de 2007, para acometida eléctrica para edificio sito en R/ Cristo, referencia catastral: 0222013NJ6102S, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro industrial D. Rubén Menéndez Fernández, visado polo C.O.I.I.G. en data 06.11.2007.

A finalidade da licenza é a Liña de Media Tensión subterránea e C.T. non prefabricado no edificio sito na rúa Corzás esquina rúa Alta.

O trazado desenvólvese pola beirarrúa da rúa Cristo.
O edificio que vai alimentar ten unha cualificación de SU-SD, Solo Urbano Semi-Denso.
Todos os danos observados na beirarrúa e na vía pública como consecuencia das obras serán reparados polo promotor no prazo máximo de 1 mes unha vez rematada a obra.
Orzamento: 90.820,90 €.
Prazo de inicio: 6 meses.
Prazo de execución: 12 meses.

- D. RAMÓN CUSTODIO MARIÑO en representación de ROBERTO TROCHE MARTÍNEZ S.L.U. (EXPTE. 232/2007) segundo solicitude de data 14 de novembro de 2007, para instalación de MT e o CT en fachada, na rúa Peteiro, referencia catastral: 0124026NJ6102S, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro industrial D. Rubén Menéndez Fernández, visado polo C.O.I.I.G. en data 16.10.2007.

A parcela do edificio onde se instala o CT está cualificada polo PXOM como Solo Urbano Semidenso (SU-SD).

A liña eléctrica que se instala discorre soterrada pola rúa Peteiro, afectando a un treito de aproximadamente 63 m.

Orzamento: 39.405,51 €.

D) PROXECTOS DE EXECUCIÓN. PERMISO PARA INICIO DAS OBRAS.

- D. FRANCISCO CARO LAGUNAS (N.R.E. 3.037/12.06.2008), para construción de vivenda unifamiliar illada, en O Baño, referencia catastral: 9518007NJ5191N, de acordo co proxecto de execución redactado polo arquitecto D. Mario Vieitez López, visado polo C.O.A.G. en data 30 de maio de 2008, por corresponderse co proxecto básico para o que foron concedidos os oportunos permisos e informes favorables por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2008 (expte. 63/2007).

Prazo de inicio: 6 meses, segundo a licenza concedida.

Prazo de execución: 24 meses, segundo a licenza concedida.

O interesado está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos.

Rematada a obra deberá solicitar licenza de 1ª ocupación.

E) LICENZAS DE OBRAS DENEGADAS:

Tendo en conta o informe desfavorable emitido pola arquitecta asesora municipal, de data 09.06.2008, e o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, así como que no trámite de audiencia ao interesado por este non se ten presentado ningunha alegación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda denegar a seguinte licenza de obras:

- D. MARCOS ROMERO RIVEIROS (EXPTE. 48/2008) segundo solicitude de data 11 de marzo de 2008, para construción de vivenda unifamiliar, en Avda. Francisco Vizoso, referencia catastral: 3409014NJ6130N, dado que a parcela non conta coa superficie mínima esixible para edificar en Solo de Núcleo Rural, resultado da acta previa á ocupación de terreos afectados pola obra de "*Mellora de seguridade vial nas estradas AC-122 e AC-133*" asinada o

29 de maio de 2008, pola que se expropia unha parte do terreo (467 m²), quedando a parcela en cuestión cunha extensión total de 205 m²

9.- ADQUISICIÓN DE TERREOS A D^a. MARÍA PERFECTA VILA VÁZQUEZ.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe pericial emitido pola arquitecta asesora Dna. Olga Fra Gálvez, en data 02.07.2008, e os informes do Secretario da Corporación e da Intervención Municipal, obrantes no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Adquirir a Dna. MARIA PERFECTA VILA VÁZQUEZ, con D.N.I. 32.536.453-D, a seguinte finca:

“Sita no Municipio e Parroquia de Mugarbos.

Labradío en Río Seco de once áreas cincuenta centiáreas que de recente medición resulta ter sete áreas noventa e oito centiáreas. Linda: Norte, Andrés López; hoxe Juan José López, José Feal Sánchez e Celso Feal Sánchez; Sur e Este, camiños de carro, hoxe polo sur, acaba en punta con José Rey Varela e José Feal Sánchez e Este, José Feal Sánchez; e Oeste, Rafael Rey, hoxe José Rey Varela.”

Referencia catastral: Polígono 24, parcela número 133 (15052A024001330000MU).

O prezo total desta adquisición será de NOVE MIL EUROS (9.000 €).

Segundo.- Aproba-lo gasto pola contía total de 9.000 euros, con cargo á partida 2008.0.432.0.60000 do orzamento vixente.

Terceiro.- Facultar ò Sr. Alcalde-Presidente para que, en representación do Concello, proceda á sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

Cuarto.- Especificar, a efectos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade, o carácter patrimonial da parcela, non incorporándose ao patrimonio municipal do solo por tratarse de solo rústico común de protección ordinaria.

10.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE DO CAMPO DO RÍO”.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes da interventora e do secretario municipal, obrantes no expediente, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á proposta formulada pola alcaldía en data 18.07.2008, e que copiada literalmente di:

“Por Resolución desta Alcaldía núm. 345/2008, do 15 de maio, aceptouse a subvención concedida pola Concellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Dirección Xeral de Administración Local) para a execución das obras de mellora e ampliación do Parque do Parque do Río.

Unha vez redactado o correspondente proxecto técnico das obras faise necesario e urxente proceder a súa contratación a fin de telas rematadas antes do 15 de outubro de 2008, prazo establecido para a xustificación da subvención establecido na Orde reguladora da concesión da subvención e na resolución da súa concesión .

Visto o anterior, e visto o disposto na Disposición transitoria primeira da Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público, e atendidos os informes emitidos pola interventora municipal e o secretario da Corporación, obrantes no expediente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Acordar a necesidade de contratación das citadas obras para dotar a zona coñecida como Campo do Río das melloras que se describen no proxecto técnico.

2.- Aprobar o proxecto técnico das obras epigrafiadas, redactado polo enxeñeiro de camiños, Marcelino López Méndez, da empresa Proufe, S.L., cuxo presuposto de execución por contrata ascende a contía de 107.181,03 euros, ive incluído, sendo o seu financiamento o seguinte:

SUBVENCIÓN		CONCELLO	TOTAL
Fondos Feder (70%) 55.375,72€	Fondos C. Autonoma (30%) 23.732,45€	28.072,86€	107.181,03€

3.- Aprobar o expediente de contratación das obras e dispor a apertura do procedemento de adxudicación polo procedemento negociado, e aprobar o gasto, con cargo á partida 2008.0.432.0.60102 do orzamento vixente.

4.- Prestar aprobación ao PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDUREMTO NEGOCIADO DAS OBRAS DE “MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE DO CAMPO DO RÍO”, INCLUIDAS NOS FONDOS FEDER, segundo texto obrante no expediente, procedemento de contratación que se elixe en base á contía do seu orzamento, a súa maior simplicidade.

4.- Sinalar que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos.”

Sen máis asuntos para tratar, ás once horas do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE